

Ribadeo, de libro

Pregón da feira do Libro de Ribadeo 2016

© Antonio Reigosa

Amigos e amigas, autoridades, amantes da lectura e dos libros, moi boas tardes!
Antes de nada, quero agradecer ao concello de Ribadeo, ao concelleiro de Cultura, Farruco Graña, e ás persoas que forman parte da organización desta terceira edición da Feira do Libro de Ribadeo que me convidasen para presentar obras de meu e para a lectura deste pregón, honra que estimo de corazón e que nunca esqueceréi. Moitas grazas.

Eu cheguei a Ribadeo e estreeime na navegación marítima o mesmo día. Foi polo verán do ano 1972 ou 73 cando os xerifaltes do Campamento da OJE da Devesa nos trouxeron de excursión, con uniformes paramilitares, para coñecer Ribadeo e, de paso, Castropol. Aquela aventura quedou marcada na miña memoria, mais ca nada, polo medo que pasei naquela travesía de ida e volta entre Ribadeo e Castropol.

O barco era de pouco porte e as ondas parecéronme enormes; e se non eran tan grandes como eu imaxino agora, recórdoas inquietas aínda que só, afortunadamente, conseguiron mollarme as cachas.

Volvín a Ribadeo xogar a balonmán, en partidos de rivalidade inexorable, brutal, e anos despois, non moitos, tiven que volver a pasar por Ribadeo tamén uniformado pero esta vez coa vestimenta do exército.

No tempo do servizo militar obrigatorio destináronme a Oviedo e, ben en tren, ben en autobús, Ribadeo era para min punto de partida ou chegada nunhas viaxes que no FEVE se facían especialmente calmosas, pero tamén fermosas, e que tardaban algo máis de tres horas en poñerme nunha ou noutra estación. Outras veces facíamos a viaxe “a dedo”, método que nos permitía viaxar gratuitamente pero non sempre, ou case nunca, chegar ao punto de destino desexado.

Foron varias as noites que tivemos que durmir ao raso, acantoados ao abrigo do paredón lateral desta igrexa de Santa María do Campo, agardando a saída do primeiro coche de liña da mañá.

Lembro especialmente algunhas noites de inverno; aquel frío húmido pero tamén aqueles silencios, aquela ausencias do máis mínimo ruído.

Daquela nin sabía da existencia de “El Viejo Pancho” e moito menos da súa poesía, nin dos versos que din: *“Y po’el alma el indio / recé un padrenuestro / a esa hora en que el mundo / se queda en silencio”*. A esa hora en que o mundo – e tamén entón Ribadeo – quedaba en silencio

Daquelas viaxes de ida e volta en tren entre Ribadeo e Oviedo lembro, moi fresca polo que me impactou, a lectura de “A Esmorga”, a tremenda novela de Eduardo Blanco Amor. Tan moderna e tan crúa, que aínda hoxe, tantos anos despois, segue estando entre as mellores que deu a lingua galega ao universo da literatura.

Ribadeo é patria de artistas e ilustrados, de ducias de nomes que deron e dan lustre e prestixio non só a Ribadeo, senón ao país enteiro.

Gusto de establecer un paralelo, absolutamente a-sincrónico e por tanto imposible, unha semellanza simbólica entre o final da vida de Pardo de Cela (liquidámolo en Mondoñedo o 3 de outubro de 1483 por opoñerse ao poder da igrexa e da monarquía castelá) e o de Antonio Raimundo Ibáñez, o Marqués de Sargadelos (a este liquidástelo vós hai 325 anos aquí en Ribadeo, en Dompiñor, o 2 de febreiro de 1809, baixo a escusa de ser afrancesado).

Que sería de nós se tales crimes non se consumasen! Non o sabemos pero seguro que teríamos escrito, creo eu, outra historia moi diferente.

Cómpre evocar sempre a Francisco Lanza (1892-1951), ao xornalista e investigador, ao etnógrafo e escritor galeguista e anticaciques, membro do Seminario de Estudos Galegos e colaborador da referencial revista Nós. Os seus traballos xornalísticos e de investigación histórica, de recuperación da memoria do Ribadeo antigo e dos seus costumes, son modélicos.

Estando en Ribadeo sempre convén traer tamén á memoria nomes de artistas como os pintores Benito Prieto Coussent, Amando Suárez Couto, o historietista e debuxante Suso Peña, ou o transterrado Clemente López Pasarón, pintor e xornalista que sendo nacido en Ribadeo, e desde moi novo residente na Arxentina, se mantivo sempre unido ao país natal como membro da “Irmandade Nazionalista Galega de Bos Aires”, como sucedeu co escritor Eliseo Pulpeiro, fundador e director da revista Céltiga, do que o Consello da Cultura Galega publicou este mesmo ano (e que se vai presentar nesta edición da feira) o libro ao coidado de Silvia Pulpeiro e Pablo Rodríguez que leva por título “*Eliseo Pulpeiro. As letras galegas entre dúas ribeiras (Ribadeo e Río da Prata)*”. Que dicir de Daniel Cortezón, de Dionisio Gamallo Fierros ou dos felizmente vivos e activos, grandes, enormes poetas, Luz Pozo Garza e Xavier Rodríguez Baixeras.

Aproveito a ocasión para darlle os meus parabéns publicamente ao novo Cronista Oficial de Ribadeo, Eduardo Gutiérrez, o primeiro cronista da historia de Ribadeo, a quen desexo moito éxito no seu cometido.

Que vos podo contar que non saibades vós das grandes voces que veu nacer Ribadeo! E das que deu a nacer no Ribadeo Indiano!

E a onde non chegou a inventiva, a enerxía fabuladora das vosas e vosos escritores e artistas, chega, como por arte de maxia, a visita sorprendente de personaxes de novela.

E non, non vou falar do picarón chamado “Pequeno Nicolás”, que cando pasou por aquí en 2014 non era máis que un inxenuo aprendiz da arte de estafar se o comparamos con outro individuo que tamén estivo en Ribadeo, e na comarca, hai xustamente agora cen anos.

Este que vos digo, grande impostor, usou ao longo da súa prolongada carreira numerosos nomes. O máis coñecido, Tomás Portolés, pero tamén Enrique Sampedro, Antonio Villamil, Príncipe Alberto de Battemberg ... e moitos outros.

Estivo en Ribadeo máis dunha vez, a primeira que se saiba polo verán de 1916. Facíase chamar Fernando Caamaño Bonella. Dicía que era venezolano, de familia rica. Era guapo, educado, moi simpático, e hospedouse no Hostal Ferrocarrilana. Usaba unha moto Harley-Davidson con sidecar, falaba varios idiomas, e dicía ser representante de grandes plantacións de café e cacao. Por iso lle chamaban por aquí “El rey del cacao”.

O golpe que deu consistiu en subarrendar o Teatro de Ribadeo. Rebaixou o prezo das entradas, deixaba pasar gratis a nenos e nenas e proxectou películas ata entón nunca vistas por aquí. Desapareceu como aparecera, sen avisar, pero deixando moreas de débedas que, obviamente, endexamais pagou.

Doutra vez, dise que puido ser en 1919, pasou pola Mariña caracterizado de crego, durmiu varias noites en casas rectorais de diferentes parroquias, e incluso oficiou misa na mesmísima catedral de Mondoñedo. Un xenio! Hai un libro de Ricardo León titulado “Las siete vidas de Tomás Portolés” que é unha delicia.

De libros é do que vai esta terceira edición da Feira do Libro de Ribadeo. Moitas presentacións e actividades que son o mellor reclamo para que grandes e pequenos nos acheguemos a este lugar encantado onde os libros, e o que levan dentro, serán os únicos protagonistas.

Mais non toda a fantasía está posta por escrito nos libros de papel!

Hai un libro moi especial, único, un libro que todos levamos dentro, que vai canda nós pola vida adiante, o libro que conta historias da nosa memoria, da memoria cultural compartida xeración tras xeración e da propia experiencia. Un libro ilustrado coas imaxes fabricadas pola nosa propia imaxinación e que se abre cando evocamos que, por exemplo, aí ao lado, en Foz, houbo un pirata que se chamaba Xan de García. Ou que en Barreiros, en Santo Estevo do Ermo, mora a memoria do misterio dun tempo ido que se resiste a desaparecer. Ou que en Anzas, aquí en Ribadeo, están as pegadas dun encanto, once pisadas do pé dun ser imaxinario que, a pesar de ser imaxinado (unha creación exclusivamente mental), quedaron ben visibles gravadas na pena, o que nos lembra que a fantasía é, como dicía Santa Teresa, a tola que lle dá sentido á nosa en exceso racional e pragmática existencia.

Cando Cunqueiro andaba entre os 23 e os 24 anos publicou un texto titulado “Tres fábulas o pequenas historias”, no que fala da esencia das pequenas cousas que nos foron dadas.

Alí conta que unha vez o deus Dioniso repartiu unha mazá entre tres homes. A tal fin fíxolles entrar nun cuarto escuro que o deus iluminou con xogos de luz, e díxolles:

—Teño unha mazá, a derradeira das mazás que hai no mundo pois secaron os pomares. Conserveina doce e fresca en palla morna, e dóuvola para que a repartades.

—Eu quero a cor—dixo un.

—Eu quero o sabor —dixo outro.

—Eu quero o olor —dixo o terceiro.

O que escollera a cor da mazá era un home rico e encargou unha mazá de barro e recubriuna coa cor que lle regalara o deus.

Satisfeito, chamou aos seus amigos, que eran banqueiros, cóengos, notarios, enxeñeiros, ministros, bispos ... ensinoulles a mazá e todos admiraron ao propietario, pois era o único dono da cor da única mazá que había no mundo.

O segundo home, o que escolleu o sabor, chegou á súa casa e preparou unha froita calquera co sabor transparente da mazá.

Logo chamou aos seus amigos que eran artesáns, ferreiros, carpinteiros, xastres, canteiros ... a xente do común que move o mundo, e facéndolles cerrar os ollos deulles a comer daquela froita preparada co sabor da mazá.

Quedaron todos contentos, abrazaron a aquel seu amigo, pois sendo dono da única mazá que había sobre a terra, era quen de repartir o seu sabor con eles.

O home que escolleu o olor da mazá era pobre, non tiña casa pero tiña medo a que lle roubasen aquel tesouro, así que andou vagabundo por bosques e montañas.

Un día adormeceu á beira dun río, e ao amencer, o río gozou tanto daquel olor que se converteu nun ancho e profundo mar.

Outro día tropezou cun pintor, tamén pobre, que pintaba chuvias e outras incoherencias. E o home aquel, por quitarse de traballos e desvelos, regaloulle o olor da mazá ao pintor pobre quen desde aquel mesmo día comezou a pintar cadros que gustaban moito aos nenos.

Non toda a fantasía está nos libros de papel, dixeran hai un momento, tamén está no color, no olor e no sabor de todo canto nos rodea. Color, olor e sabor que hai que compartir, non reservar para uns poucos.

O que si digo tamén é que os libros son imprescindibles para alimentar esoutro libro da memoria que nos permite, un día si e outro tamén, soñar.

Grazas á fantasía poderíamos, se quixéramos, albiscar cada anoitecer na liña do horizonte deste mar mariñado aquel barco que pintou outro pintor, o vello e case cego Wang-Fô, para escapar da cadea do emperador que o tiña secuestrado; un barco que

navega sobre un mar de xade azul acabadiño de inventar, segundo nos conta Margarite Yourcenar en “Como se salvou Wang-Fô”.

Poderíamos imaxinar tamén que ese barco que Wang-Fô pintou e que logo navegou polo mar que el inventou, é o barco do conto popular aquel que ten a facultade de navegar por terra e por mar.

Un barco que, se así o desexades, tamén podería voar, e encargarse de traer e levar a esta Feira de Ribadeo libros cuxo color, olor e sabor agrade moito a todas e todos, a grandes e pequenos.

Moitas grazas
Ribadeo, 1 de xullo de 2016